

PRESENTACIÓN

O comezo da Orientación na **Sociedade de Montaña Ártabros**, e tamén en Galicia, aconteceu dun xeito moi distinto ao habitual. Normalmente, alguén que practica unha actividade adoita achegarse a un club para que o acolla e lle sirva de paraugas; neste caso pasou o contrario.

Ao entón Presidente de Ártabros, debeu parecerlle un deporte enriquecedor para o club, e quixo, pese a algunhas voces en contra, introduciilo como un fito máis na tremenda transformación que en aqueles momentos estaba levando a cabo a nosa Sociedade deportiva.

Ese visionario era o noso querido e inesquecible **Antonio Trueba**.

Sabía que a súa práctica en Galicia só se desenvolvía nas Forzas Armadas, polo que falou cun socio do club que era militar, o espeleólogo Prego, e pediulle contactar con alguén que practicara a Orientación, e contactou con Juan Roibás.

Antonio e Juan faláron de como empezar con este deporte: requírase dun equipamento que en aquel momento non tiña Ártabros, pero si o Exército, e Antonio preguntou “Quen é o que máis manda no Exército en Galicia?”, “O Capitán Xeral”. Nin curto nin preguiceiro, Antonio pediu unha entrevista con el e concedéronlla.

Antonio e Juan acudiron á reunión e expúxolle ao Capitán Xeral os seus desexos de comezar con este deporte e as necesidades materiais que ten, que son todas.

Non sabemos se foi polo entusiasmo que Antonio puxo, ou porque o Exército considerouno bo para todos, pero o feito é que obtivo todos os apoios necesarios e o seguinte foi a creación da **Sección de Orientación en Ártabros o 2 de febreiro de 1987**, a primeira de Galicia e entre as vinte primeiras de España.

Gracias á boa relación de Antonio co Concelleiro de Deportes de A Coruña, Eduardo Blanco, conseguiuase financiación para a realización dos primeiros Trofeos Internacionais de Orientación, “Ciudad de La Coruña”, así como para os mapas específicos de Orientación onde se realizaron as competicións: Baio, Forgoselo, Cedeira e Coirós.

E aquí estamos, case 40 anos máis tarde.

ORGANIZACIÓN

Club organizador: [Sociedad de Montaña ÁRTABROS](#) | **Director de proba:** Santiago Traveso. **Responsable de medio ambiente:** Jorge Piñeiro. **Trazados:** Jorge Piñeiro (*trazador nivel II*). **Xuíces de Cronometraxe:** Alfonso Mancera e Malena Ponte. **Colocación de balizas:** Javier Sevilla, María Piñeiro, Santiago Traveso, Santiago Riestra, Antonio Gómez, Juan Roibás, Alejandro Mancera e Jorge Piñeiro. **Xuíz controlador designado por FEGADO:** Alberto Arufe (LICEO).

LOCALIZACIÓNS

Enlace a mapa de localizacións: https://www.google.com/maps/d/u/1/edit?mid=1G7SbUhEmEuxalE-xx9E_TL5Ps1Q3wjU&usp=sharing

Centro de competición: [Goente \(As Pontes de García Rodríguez, A Coruña\)](#). **Coordenadas GPS:** 43°26'13.3"N 7°59'03.0"W.

Presaiña: **-6 min.** (saída a 200 m). Situada no centro de competición no paso canadense ao final do tramo asfaltado.

Os **turismos** deberán estacionar no **parking 1** ata completalo e despois no **parking 2** paralelamente ao arcén ao longo da estrada.

As **autocaravanas** deberán estacionar no **parking de autocaravanas**, un aparcamento pertencente ao Restaurante Casa Díaz.

A 300 m do centro de competición na estrada principal en dirección As Neves hai unha **gasolineira Ortegal Oil** que conta con **baños** e un **supermercado**.



6ª PROBA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ 2024

Memorial Antonio Trueba de la Iglesia

PENA DOS MONTEIROS | Sábado 14 de setembro de 2024

Campionato Xunta de Galicia de Distancia Longa | IV Proba da Liga Transfronteiriza Galicia- Portugal



DATA E MAPAS

Data: Sábado 14 de setembro de 2024.

Mapas: FORGOSELO NORTE (A Capela), mapa realizado en 2017 por Iván Mera (MapeO) adaptado á normativa ISOM 2017-2 con rexistro FEDO C-2007-17 e ampliado por Martín Morales (TrickTrack) en 2023 adaptado á normativa ISOM 2017-2 con rexistro FEDO en trámite | **PENA DOS MONTEIROS** (Goente, As Pontes de García Rodríguez), mapa realizado en 2022 por Martín Morales (TrickTrack) adaptado á normativa ISOM 2017-2 con rexistro FEDO en trámite | **GOENTE** (As Pontes de García Rodríguez), mapa realizado en 2020-2022 por Javier Arufe (Liceo) adaptado á normativa ISOM 2017-2 con rexistro FEDO C-3039-22. *Ver anexo ao mapa antigo.*

Prohibición de acceso a mapas dende o **12 de agosto de 2024**.

HORARIOS

10:30 | Comezo das saídas das categorías oficiais

10:45-12:00 | Saídas das categorías de iniciación

15:04 | Peche de meta

14:30 | Entrega de diplomas do Campionato Xunta de Galicia de Distancia Longa (*ver documento adxunto*)

DISTANCIAS E DESNIVEIS

Ver documento anexo.

INSCRICIÓNS

Data límite e información actualizada Ata as **23:50 horas do domingo 8 de setembro** [[+info EVENTO](#)]

Obrigatoriedade de uso de tarxeta SPORTident (SI). É obrigatorio o uso de tarxeta SPORTident para todas as categorías. Asignarase automaticamente unha tarxeta SPORTident en alugamento a quen non indique o número de tarxeta nos datos de inscrición | **Custos SI:** Alugamento **3 euros** (a pagar xunto coa inscrición). A perda da tarxeta SPORTident conleva o pago de **30 euros**.

Inscricións persoas independentes: As inscricións realizaranse seleccionando o [evento correspondente](#) a través da intranet da FEGADO (no caso de non estar rexistrados, deberán [crear un novo perfil](#) seguindo

6ª PROBA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ 2024 Memorial Antonio Trueba de la Iglesia

PENA DOS MONTEIROS | Sábado 14 de setembro de 2024

Campionato Xunta de Galicia de Distancia Longa | IV Proba da Liga Transfronteiriza Galicia- Portugal

as instrucións da propia web) ou ben poñéndose en contacto cun [club da FEGADO](#).

Inscripcións dos SOCIOS da SM Ártabros NON federados: As inscricións para as persoas socias de Ártabros non federadas serán **totalmente gratuítas** e realizaranse enviando un correo a alfonsomancera@gmail.com indicando **nome completo**, **DNI**, **data de nacemento** e **categoría** (iniciación curta ou longa).

Inscripcións dos CLUBS da FEGADO/FEDO: Seleccionando o evento correspondente en <http://fegado.es/events/>. Enviar o xustificante de ingreso na conta nº **ES25 2080 5565 0030 4000 2362** de ABANCA a deporte.orientacion@artabros.org. A cantidade a ingresar será a suma das inscricións do club na carreira, máis 3 euros por cada corredor que alugue tarxeta SI. No concepto do ingreso indicar: **71100395 PENA DOS MONTEIROS + nome do club ou no seu caso nome do corredor que se inscribe**. Aqueles clubs que precisen factura, deberán enviar os seus datos fiscais.

Inscripcións dos/das deportistas dos CLUBS do NORTE DE PORTUGAL. A través da plataforma [Orioasis](#).

INFORMACIÓN DA CARREIRA

Haberá **xuíces auxiliares** designados polo xuíz controlador na zona de carreira que estarán velando polo cumprimento do regulamento FEGADO.

A **meta** (finish) estará atendida por persoal da organización e neste punto haberá un **desfibrilador da FEGADO**.

AVITUALLAMENTO

Avituallamento en carreira unicamente para os percorridos de máis de 8,5 km (*indicado no anexo de distancias e desniveis*). Recomendamos portar auga (soft flask, camelbak...) para o resto de categorías.

Avituallamento no centro de competición: haberá garrafas de auga no centro de competición na zona de descargas. Lembrade traer o **voso propio recipiente** para reducir o uso de envases dun só uso.

ENTREGA DE DIPLOMAS E SORTEO

Realizarase a entrega dos diplomas correspondentes ao **Campionato Xunta de Galicia de Distancia Longa** ás categorías **F/M-12, F/M-14, F/M-16, F/M-18 e F/M- Elite**.

Tras a entrega de diplomas farase un **SORTEO PRESENCIAL** de produtos locais procedentes da **Cooperativa Campo Capela** entre **todas as persoas inscritas** á proba.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente proba é una competición oficial de la Federación Galega de Orientación (FEGADO) e polo tanto serán de aplicación obrigatoria tanto o **Regulamento FEGADO O-Pé 2024** e os seus correspondentes ANEXOS, como as **Normas Anuais FEGADO O-Pé 2024**. Aplicará tamén o Regulamento vixente da **Liga Transfronteiriza Galiza-Norte De Portugal**.

Recordamos a obrigatoriedade do uso do **dorsal oficial FEDO**.

ONDE COMER, ONDE DURMIR...

O **Concello de As Pontes de García Rodríguez** conta cunha ampla oferta **hostaleira**, destacando: **Hotel Pontes do Eume**, **Hostal Silva**, **Pensión Daniel (981452150)**, **Casa rural "Tres Fontes"**, **Casa Rural "Casa da Poupariña" (635561566)** e **Apartamentos turísticos "O Petouto"**. A vila tamén conta con dúas **áreas de servizo de autocaravanas (área 1 e área 2)**.

Ademais, en As Pontes hai numerosos **bares e restaurantes** nos que desfrutar da gastronomía local, especialmente do **grelo** e das **setas**, produtos típicos desta zona que contan coa súa propia feira.

O Concello ofrece tamén diversas **actividades turísticas** coas que completar a fin de semana.



6ª PROBA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ 2024 Memorial Antonio Trueba de la Iglesia

PENA DOS MONTEIROS | Sábado 14 de setembro de 2024

Campionato Xunta de Galicia de Distancia Longa | IV Proba da Liga Transfronteiriza Galicia- Portugal

ORGANIZAN E COLABORAN

ORGANIZAN:



COLABORAN:

